

# PROXECTO EDUCATIVO

REVISIÓN Nº :1  
DATA:15/12/2020

CEIP PLURILINGÜE DE BAÑO-XANZA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:15/12/2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 15/12/2020

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

**A táboa de contido da páxina seguinte actualízase automaticamente. Desenvolver os puntos que están a partir da páxina 3 inserindo o texto despois de cada un deles. Ao remate do documento actualizar a táboa de contido co botón dereito.**

## 0. INTRODUCCIÓN

No Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, establece que estes Centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro seguindo estas disposicións:

O Equipo directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

O Consello Escolar aprobará e avaliará o PEC.

A inspección educativa supervisará o PEC, comprobando a súa adecuación ó establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.

### 1. ANÁLISE DO CONTEXTO


#### 1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O centro atópase no lugar de Baño, do concello de Valga, situado no rural, moi preto do centro urbano de Pontecesures e da cidade de Padrón. Este concello caracterízase pola dispersión da súa poboación. Non existindo un centro urbano propiamente dito. A situación económica das familias é moi variada aínda que polo xeral, é media-baixa. Os sectores de produción dominantes son o primario e o secundario (industrias relacionadas coa construción).

Na súa inmensa maioría o alumnado é galegofalante, tanto no seu ámbito familiar e na súa vida cotiá coma no ámbito escolar.

No tocante á **ambientación lingüística do centro** hai que facer constar que : a lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro e en todas as situacións de carácter interno; a dotación de fondos de libros en galego é similar á de fondos en castelán en canto a libros de lectura, pero menor en películas e xogos didácticos; o material en lingua

inglesa está en inglés; a páxina web do centro está en galego así como as actividades do plan das TICs; o alumnado procedente da emigración e mínimo.



## 1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O centro acolle aproximadamente 75 alumnos/as de Educación Infantil e ao redor duns 300 en Educación Primaria.

En Infantil as aulas soen completar a ratio de 25 e en Primaria hai unha media de 20 alumnos/as por aula.

A maior parte deste alumnado provén de familias procedentes deste Concello, aínda que tamén temos familias procedentes de concellos limítrofes como Pontecesures, Catoira e de Padrón.

Nestes últimos anos, tivemos a incorporación de alumnado procedente do estranxeiro.

Tamén no noso centro temos alumnado de NEAE, e un número considerable de alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Dado o nivel socioeconómico das familias, as expectativas académicas dos proxenitores en relación aos seus fillos/as adoita ser media. Aínda que na maioría dos casos, lle dan facilidades na casa para poder estudar.

## 2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O Proxecto Educativo de centro que se presenta xorde da necesidade de revisión e actualización da documentación que rexe e diseña o plano metodolóxico do CEIP Plurilingüe de Baño-Xanza.

Os centros educativos son institucións que co paso do tempo e sempre dependo do conxunto de persoas que conforman a súa Comunidade Educativa están en constante movemento, cambian e evolucionan.

Ante estes cambios, por outro lado lóxicos e normais, é preciso manter e acordar liñas educativas claras e consensuadas que aporten estabilidade e garantías na calidade de educación que se oferta.

Para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte máis produtivo e satisfactorio débense trazar unhas liñas de acción.

Tres son os estamentos da Comunidade Escolar do centro que deben ser coñecedores do presente documento : alumnado, familias e docentes.

Por suposto, cada un dende a súa perspectiva, resultará fundamental que saiban e coñezan a filosofía que se quere transmitir neste documento, desa maneira, e sendo todos e todas partícipes do mesmo, conseguiremos que oo noso centro medre e mellore como proxecto educativo.

O Centro asume os seguintes sinais de identidade, entendidos como o conxunto de principios que caracterizan o Centro e orientan o seu labor educativo.

### 2.1. CONFESIONALIDADE.

O noso Centro, como Centro Público maniféstase aconfesional e móstrase respectuoso con todas as ideoloxías políticas e crenzas relixiosas dos membros da comunidade escolar.

É, por tanto, un centro ideoloxicamente pluralista, en especial na vertente relixiosa e política. A este respecto estaremos sempre ao que a lexislación dictamine para o ensino da relixión nos centro públicos.

De acordo con este pluralismo, toda persoa que traballe neste centro renuncia a todo tipo de adoutramento, proselitismo e sectarismo.

Hai que intentar dar ao alumno/a as informacións o máis obxectivas posibles para que el progresivamente vaia formando os seus propios criterios.

Entendemos que os alumnos e as alumnas deben ser receptivos á situación de cambio que está a experimentar a sociedade, educándoos na xustiza e na liberdade.

### 2.2.. LINGUA DE APRENDIZAXE.

O uso da propia lingua é un dereito de todos os membros da comunidade escolar. Co obxecto de contribuír á normalización lingüística da lingua galega como lingua propia da Comunidade Autónoma, procurarase que esta sexa cada vez máis a lingua de aprendizaxe e a lingua vehicular de toda a actividade escolar.

O centro empregará como lingua de aprendizaxe a lingua propia dos alumnos/as. Potenciará o uso e a normalización do idioma galego. Pretenderase que ao final da escolaridade primaria o alumnado teña un correcto dominio, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais: galego e castelá, así como que coñeza e valore a cultura de ambas as dúas linguas. Tamén se introducirá a competencia noutra lingua estranxeira, xa que somos centro plurilingüe e ademais da asignatura de lingua inglesa, tamén temos a materia de Plástica en inglés.

O centro realizará todas as comunicación oficiais e correspondencia dentro da Comunidade Galega en lingua galega.

### 2.3. RELACIÓN CO ENTORNO.

O centro está aberto a todo tipo de iniciativas e suxerencias de organismos, institucións e compoñentes da Comunidade Educativa.

Hai unha ANPA coa que a Dirección e Profesorado do centro conviven en perfecta harmonía. Dase unha fluída relación co resto dos centros educativos da localidade, tanto de Educación Infantil, Educación Primaria e I.E.S.

A relación cos organismos municipais son de participación e asunción de todo tipo de actividades que propoñen e que o centro estima de forma positiva a súa participación.

#### 2.4. LIÑAS METODOLÓXICAS:

Na etapa de Educación Primaria porase especial interese na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades que poderán ser tanto organizativos como curriculares.

A lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte ou formato e a súa comprensión, terá un papel fundamental na nosa metodoloxía.

Trataremos de facer algún Programa encamiñado á mellora da comprensión e expresión da lecto-escritura.

A biblioteca será o centro de dinamización, marcando un itinerario lector, dando as ferramentas e materiais adecuados e fomentando actividades que nos conduzan a lograr este obxectivo.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa, participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Trataremos de desenvolver metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Debemos ter sempre en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por un mesmo e promovendo o carácter colaborativo e en equipo.

As actividades de aprendizaxe deberán ser integradoras, é dicir, que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Minimizárase progresivamente o uso do libro de texto, sendo un material máis de apoio pero sen facer del un uso exclusivo, potenciando un enfoque globalizado e interdisciplinar.

Co alumnado de 5º e 6º úsase o libro dixital, o que supón un cambio metodolóxico posto que permite máis actividades prácticas e creativas, delegando a parte máis teórica a



exercicios “on line” polo que tamén en si xa é unha ferramenta máis motivadora para aquel alumnado con maiores dificultades.

É necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen e especialmente entre os equipos docentes das etapas de Educación Infantil e 1º nivel de Educación Primaria para conseguir unha coherencia educativa e respectar os mínimos esixibles recollidos na programación de Educación Infantil. Os equipos docentes formularán, con criterios consensuados, unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

Esta proposición diríxenos cara a unha nova metodoloxía que implica variados métodos de avaliación. Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación como os diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas, mapas conceptuais, presentacións (ante a clase, centro ou país), resumos,... Con esta finalidade potenciaranse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas é un pilar fundamental no proceso de aprendizaxe , polo que o profesorado fomentará a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O profesorado tratará de deseñar diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes, tanto do alumnado que teñan máis dificultades como daqueles que polas súas características de alto rendemento acaden con facilidade os obxectivos do nivel.

Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais, motivadores para o alumnado.

Tentaremos de implicar ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe xa que é un factor determinante que deberemos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Serán documentos para a avaliación:

- a. O rexistro de notas por materias.
- b. O rexistro das competencias, que servirán para ter unha mellor visión das competencias acadadas e realizar mellor a avaliación final.
- c. O rexistro da avaliación da práctica docente.



d. As propostas de reforzo deseñadas para acadar unha avaliación positiva para cada neno/a con resultado negativo.

As avaliacións dirixiraaas o titor/a que levará os documentos onde rexistrou a evolución de cada alumno e dedicarase a realizar unha valoración xeral dos resultados acadados e dos puntos nos que necesita reforzo. Ao final de cada avaliación dos alumnos farase unha avaliación do grupo cos aspectos mellorables e os máis salientables.

## 2.5. TAREFAS ESCOLARES

Entendemos como tales os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para seren realizados fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e con obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Deste xeito, o alumnado investiga, practica e reforza o aprendido na clase e tamén desenvolve as habilidades creativas, de reflexión e críticas.

Serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e a descubrir e poñer en práctica as súas propias técnicas de estudo e de traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia contempla, na súa disposición adicional terceira, que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán, na PXA, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Neste centro, enténdese como tarefas escolares:

- Completar tarefas que non se remataron na clase.
- Realizar algúns exercicios de reforzo para afianzar aprendizaxes xa traballadas na aula.
- Buscar información para traballos propostos no centro.
- Realizar esquemas, resumos ou mapas.
- Lecturas e tarefas de expresión escrita.

As tarefas propostas poden ser as mesmas para todos os alumnos/as da clase ou poden ser individualmente diferentes, segundo as intencións, necesidades e propostas do profesorado.

As familias deberán mostrar interese por que se fagan pero tratando de que sexan autónomos na súa realización.

Estas tarefas deben ser consideradas por parte do profesorado e valorar e ter en conta posibles carencias ou desigualdades de medios e recursos que poidan ter algúns alumnos.

## 2.6. COEDUCACIÓN.

A coeducación, entendida como educación común e baixo o mesmo modelo educativo de nenos de ambos os dous sexos, é un proceso ao que pretendemos chegar fomentando nos alumnos/as o respecto á propia persoa e aos demais así como á plena aceptación da propia sexualidade e a dos outros.

No proceso de coeducación o Centro practicará a igualdade sen discriminación por razón de sexo, recoñecerá o dereito propio de cada un, estimando e valorando a colaboración no traballo e no diálogo. Tamén orientará aos pais/nais para que colaboren co Centro e dean aos seus fillos/as as mesmas oportunidades formativas e manteñan con eles un nivel similar de esixencia sistemática e de coherencia educativa.

Así mesmo na orientación e titoría dos alumnos e alumnas, fomentárase a confianza nas propias capacidades e valores do neno/a, á hora de escoller opcións curriculares e planificar o seu futuro profesional sen presións estereotipadas.

Revisarase o material didáctico, como libros, vídeos, contos, etc..., e realizaranse as adaptacións oportunas para que non presenten mensaxes perxudiciais para ningún dos grupos.

## 2.7. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS.

No Centro respéctase o pluralismo e a aceptación das normas democráticas de convivencia. O Centro non mostrará preferencia por ningunha das ideoloxías políticas, e estará a favor da convivencia pacífica e respectuosa de todos os alumnos/as, sexa cal sexa a súa procedencia, relixión, raza, ideoloxía ou nivel económico. Trátase de inculcar aos alumnos/as a importancia da liberdade individual e da solidariedade.

Potenciaranse no alumnado os valores dunha sociedade democrática: tolerancia, actitude dialogante e rexeitamento a calquera tipo de discriminación. Formaremos aos nosos alumnos/as con vistas a que poidan participar de xeito competente na sociedade, e que esta formación lle sirva para tratar coa diversidade, cos conflitos de ideas e tamén lles permita desenvolverse nun marco de tolerancia e respecto.

Un dos aspectos do currículo será a Educación para a cidadanía e para a Paz que se concretará na consecución dunhas normas de convivencia.

Así mesmo fomentárase as relacións de colaboración e intercambio con outras comunidades educativas.

## 2.8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Defendemos unha liña educativa que teña como principio fundamental a atención á diversidade a partir do principio de inclusión como base de desenvolvemento e no que a aprendizaxe cooperativa se converta no seu eixo metodolóxico, tratando de darlles resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante unha ensinanza personalizada e compensadora das desigualdades sociais, de maneira que cada persoa poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades individuais. Prestar atención tanto a aqueles que mostren dificultades para acadar o nivel mínimo a través de cambios metodolóxicos ou adaptacións Curriculares, como aqueles outros que os superen, poñendo en práctica, se fose preciso, Programas de Enriquecemento Curricular

Entendemos que a diversidade como un feito valioso que contribúe a enriquecer a todo o grupo favorecendo a súa cohesión.

## 2.9. DIMENSIÓNS EDUCABLES.

A formación integral que pretendemos irá dirixida a:

- \* Unha educación corporal, intelectual, social, afectiva, estética e moral.
- \* Unha educación actitudinal, que abranguerá os seguintes aspectos:
  - \* Educación para a saúde.
  - \* Educación vial.
  - \* Educación ambiental.
  - \* Educación para o ocio e tempo libre.
  - \* Educación para o consumo.
  - \* Educación intercultural.
  - \* Educación para a paz e non violencia.
  - \* Educación para a tolerancia.

## 1.9. MODALIDADE DE XESTIÓN.

A xestión do Centro Educativo será democrática, participativa, transparente e non directiva. Estará aberta ás suxerencias e propostas de todos os membros da Comunidade Educativa. A relación entre pais/nais/titores de alumnos/as e o profesorado pretenderá ser fluída e enriquecedora, propiciando situacións de contacto que melloren a acción educativa en todos os ámbitos.

Fóra do Centro, debemos xerar o maior número de relacións entre a escola e Contorna, abrindo aquela e colaborando con, entre outras, as seguintes entidades:

a) Autoridades educativo-administrativas: Sendo un colexio público que imparte ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, dependemos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a todos os niveis (económicos, de infraestruturas, lingüístico,...) e en comunicación coa Inspección educativa.

b) Concello: O Centro colabora co Concello nos seguintes ámbitos e accións:

- Participando nas campañas planificadas de carácter cultural, deportivas, de solidariedade, etc.
- Cedendo as instalacións e/ou materiais cando son requiridos, sempre cumprindo as normas establecidas pola Consellería de Educación.
- Coordinación co departamento de Servizos Sociais (accións coas familias en diversos ámbitos).
- Programas de prevención.
- Outros programas e accións ofertados ao longo do curso escolar.

c) A ANPA: representa un elemento clave polo labor de promoción da participación de nais e pais na actividade educativa e pola colaboración e apoio na tarefa de conseguir un Centro con máis e mellores recursos para a acción educativa. Traballamos de xeito coordinado para avanzar en melloras para a Comunidade Educativa.

d) IES de Valga: Ao concluír a Educación Primaria no noso centro, o alumnado pode acceder directamente ao instituto ao que estamos adscritos. O noso colexio participa nas seguintes accións:

- Coordinación anual co Departamento de Orientación (promoción do alumnado de 6º curso a 1º de ESO).
- Charla informativa tanto ao alumnado como ás familias do alumnado de 6 curso por parte do Equipo Directivo e o Departamento de Orientación (anual).

e) Accións para a Comunidade Educativa. As familias son o pilar máis importante na educación dos nenos/as. Por este motivo deben estar en constante comunicación cos docentes e co centro. Dende o CEIPP Baño-Xanza bríndaselle a oportunidade de participar nas actividades académicas dos seus fillos/as a través de:

- Comparsa de Entroido: o alumnado disfrazado actúa para as familias.
- Festa de promoción do alumnado de 6º de educación infantil .
- Charla informativa das titoras de infantil no mes de xuño para as familias de nova incorporación ao centro no seguinte curso (normas, período de adaptación,...)
- Exposicións: traballos realizados polo alumnado que están expostos nos corredores ou calquera outra exposición no espazo da biblioteca.

-Campañas de solidariedade.

f) Outras entidades:

- Asociacións deportivas: tanto coas do Concello como con outras sempre coa premisa de potenciar o deporte ou o xogo non competitivo.
- Empresas.
- ONGs

## O CENTRO

### 3.1. INSTALACIÓNS

O Centro consta de dous edificios; edificio principal e edificio de educación infantil

- O edificio principal vai cumprir corenta anos; foi construído na década dos 70. O seu estado e precario, aínda que nos derradeiros anos estase a intentar melloralo. Consta dunha gran planta baixa e dúas alturas e a súa ocupación é docente e administrativa.

Ten dous patios cubertos, un deles para o uso do alumnado de educación primaria de 5º e 6º cando chove e anexo ao novo comedor; o outro é utilizado polo alumnado de primaria de 1º a 4º. Ten tamén un extenso patio de recreo con varios campos de deportes cun pavimento en estado ruinoso e impracticable dende o punto de vista deportivo.

Na zona norte encóntrase o patio cuberto que é empregado algunhas veces para as clases de Educación Física e sempre nos recreos como espazo de xogo. A entrada do alumnado organizase en ringleiras e faise por quendas, accedendo ao centro polas portas que dan a este patio.

- O edificio de Educación Infantil é de nova construción, rematouse no ano 2007. Ten unha soa altura, dúas entradas, e un patio de terra cun espazo de caucho anticaídas, mobiliario de parque infantil e un areeiro (instalados no ano 2011). É independente do de Educación Primaria, aínda que se comunica con el a través dunha rampla cuberta e unha cancela situada no lateral norte, ao fondo do mesmo. O seu estado aínda que é novo, xa deixa que desexar, presentando moitas humidades, escasa ventilación e falta de extractores nos aseos das aulas. Así coma o chan das aulas que xa está deteriorado.

Vías públicas ao redor do centro.

A estrada que pasa por diante é a que da acceso ao colexio e vai de Baño ata a N.550 en dirección Pontevedra. Nesta estrada está situado o lugar onde os autobuses escolares recollen ós nenos. Ademais o Colexio está rodeado totalmente por estradas secundarias.

A antigüidade do colexio fai que unha boa parte do material e mobiliario presente un deterioro importante ou quedase obsoleto. Unha parte foi renovado pero a dotación do

centro segue incompleta en varios apartados tanto no referente a mobiliario e a medios didácticos. Continuarase a solicitar, polas canles oficiais, os materiais que o profesorado estime como máis necesario.

En canto aos medios tecnolóxicos e a materiais audiovisuais, nos derradeiros anos, dotáronse as aulas das titorías e das especialidades con instalación de proxector de vídeo, pantalla de proxección e ordenadores portátiles. Quedan por completar pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, pero a previsión de poder facelo en breve. A intención do colexio e manterse actualizado no terreo das novas tecnoloxías e dar continuidade a esta liña de traballo. O centro está dentro dos centros abalr e co proxecto E-dixgal.

Do mesmo xeito, melloramos a nosa biblioteca escolar dende a concesión do PALMBE no curso 2008-2009. Así foron actualizados os fondos documentais, e acometeuse a instalación de proxector de vídeo, megafonía e postos informáticos.

A rede informática: Temos totalmente cableado o colexio, de maneira que todas as aulas, e despachos teñen dúas conexións de rede. Ademais temos unha aula de ordenadores que pon a disposición do alumnado 25 postos informáticos. Nesta rede informática, estarán en funcionamento un mínimo de 5 impresoras e varios escáneres. Temos tamén un servidor interno que da servizo a todas as aulas do centro, incluída a de informática.

As actividades complementarias ofertadas polo Centro figurarán anualmente detalladas na P.X.A. De existir, orientaranse fundamentalmente a: saídas culturais, visitas a museos, auditorios, exposicións, teatro, encontros con autores, obradoiros, iniciación ao remo, sendeirismo...

Anualmente tentárase levar a cabo algún proxecto interdisciplinar e o programa de estimulación da linguaxe oral na Ed. Infantil (P.E.L.O)

Outras actividades extraescolares que se ofertan no centro están realizadas en colaboración coa ANPA e co Concello.

### 3.2 DATOS E HORARIO XERAL DO CENTRO

#### Datos xerais:

Nome	CEIPP DE BAÑO-XANZA
Código do centro	36009913
C.I.F.	Q8655454-J
Teléfono / Fax	<u>886159054</u>

E-mail	<a href="mailto:ceip.xanza@edu.xunta.es">ceip.xanza@edu.xunta.es</a>
Páxina Web	<a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipxanza">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipxanza</a>
Rúa	Lugar Baño s/n
Localidade	Valga
C.P.	36645
Provincia	Pontevedra

O horario do centro é de xornada única, de 9:30 h. ata as 14:30 h.

O comedor Escolar funciona de 14:30h. a 15:30 h.

Todos os martes, en sesión de tarde de 16:00 h a 17:00h. realizaranse tarefas de acción tutorial e ata as 18:00 h. celebraranse as reunións de traballo dos diferentes equipos.

### 3.3 OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

En canto á oferta educativa, contamos cunha liña simple en educación infantil e cunha liña dobre en educación primaria.

Distribución dos profesionais en docencia directa:

Educación Infantil	3
Apoio a Educación Infantil	1
Educación Primaria	12
Educación Física	2
Educación Musical	1
Lingua Inglesa.	2
Pedagogía Terapéutica	1
Audición e Linguaxe	1
Educación Religiosa (católica)	1
Departamento de Orientación	1



O centro ten adscritas as escolas unitarias de Xanza, Campaña e Chenlo, pertencentes ao CRA de Valga. Dende o ano 1998, a delimitación do ámbito de influencia do centro, establece que menos a parroquia de Cordeiro, correspóndelle a este centro o resto das parroquias do territorio municipal de Valga. Polo que o alumnado da parroquia de Cordeiro, que sexa escolarizado neste centro, non terá dereito aos servizos complementarios de transporte e comedor.

No momento da creación das unidades de Educación Infantil neste colexio, non se redactou ningunha instrución concreta a seguir, polo que mentres non exista dita concreción, seguiranse as que se recollen no parágrafo anterior e que son as que afectaban ao mesmo cando era centro de Educación Primaria.

### **3.4 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O noso centro dispón de comedor escolar de xestión directa de categoría tipo D.

En canto ao transporte escolar, traballamos con dúas empresas nun total de 7 liñas de transporte

### **3.5 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias ofertadas polo Centro figurarán anualmente detalladas na P.X.A. De existir, orientaranse fundamentalmente a: saídas culturais, visitas a museos, auditorios, exposicións, teatro, encontros con autores, obradoiros, iniciación ao remo, sendeirismo...

Anualmente tentarase levar a cabo algún proxecto interdisciplinar e o programa de estimulación da linguaxe oral na Ed. Infantil (P.E.L.O)

Outras actividades extraescolares que se ofertan no centro están realizadas en colaboración coa ANPA e co Concello. Entre elas adoitan realizarse as seguintes:

Biblioteca aberta – Centro

Técnicas de estudo – Concello/Informática – ANPA

Danzas: Zumba, Ximnasia rítmica... ANPA

Pintura – ANPA

Estas actividades poderán ser modificadas anualmente segundo a demanda ou as posibilidades de organización.

## **4. OBXECTIVOS**

O centro traballará na liña de conseguir unha educación integral, fomentando hábitos de traballo e de convivencia, de responsabilidade, de formación do sentido crítico, de atención á diversidade, valoración da autoestima, autonomía persoal e participación responsable nas tarefas individuais e colectivas.

Polo que a escola sera: creativa, solidaria, aberta ao medio, participativa, defensora do medio ambiente e cun ambiente de orde e traballo.

A nosa tarefa educativa vaise fundamentar nos seguintes principios:

- Dereito que ten toda persoa a educación e capacitación para acadar o seu desenvolvemento integral.
- O recoñecemento da dignidade e liberdade da persoa.
- Educar para a liberdade.
- Capacitación do neno e nena para comprender a sociedade na que vive.
- Adaptación a esa sociedade tal e como está estruturada.

A educación ten unha dobre finalidade: garantir a plena realización da persoa e favorecer a súa participación no desenvolvemento socioeconómico e cultural. Para iso desenvolveremos os seguintes obxectivos:

- ❖ Manter, consolidar e enriquecer os intereses do neno e nena para abri-lle novas perspectivas da vida profesional, cultural, social e política.
- ❖ Orientar ao neno e nena e promover nel a idea de que educarse é progresar.
- ❖ Perfeccionarse.
- ❖ Actualizar ao neno e nena, renovar os seus coñecementos para que siga aprendendo, investigando, reformando conceptos e enriquecendo a súa vida cultural, científica e tecnolóxica.
- ❖ Proxectarse humanamente.
- ❖ Fomentar a dimensión social da súa vida, que lles leve a traballar pola paz e a xustiza.
- ❖ Elevar o nivel cultural dos nenos e nenas matriculados no Centro, tanto mediante o ensino regrado como en actividades complementarias e extraescolares.
- ❖ Adquirir o sentido da educación como tarefa permanente, dotándoos das técnicas de autoaprendizaxe precisas para ser suxeito activo da súa propia formación.
- ❖ Fomentar a utilización creativa e formativa do ocio.

A educación debe servir simultaneamente para a maduración e autodeterminación persoal, para insertarse productivamente no mundo laboral, para o uso e creación de bens culturais e para atopar sentido a vida.

#### **4.1 OBXECTIVOS DE ÁMBITO PEDAGÓXICO.**

##### **Alumnos/as.**

- Acadar unha educación na que primen os valores sobre os contidos.
- Formar aos alumnos/as para ser críticos, obxectivos e creativos.
- Potenciar e favorecer os contidos transversais recollidos no currículo (hábitos de coidado e limpeza, educación para a paz, educación para a saúde, coeducación, conducta social ...).
- Favorecer o coñecemento da realidade do medio no que vive o alumno/a.

- Fomentar unha actitude ecolóxica e de respecto polo medio ambiente.
- Potenciar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de estudo.
- Planificar estratexias para acadar unha actitude positiva do alumno/a cara á lectura.
- Propiciar un tratamento de apoio individual e específico dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

#### **Pais/nais/titores legais.**

- Ofrecer información ás familias sobre a formación dos seus fillos/as.
- Favorecer o coñecemento e comunicación entre o centro e as familias entre sí.
- Motivar e favorecer a participación das familias nas actividades do centro.
- Fomentar o interese dos pais/nais pola vida escolar dos seus fillos/as.

#### **Profesorado.**

- Propiciar a innovación pedagóxica do profesorado.
- Potenciar a coordinación dos profesores dos distintos ciclos.
- Desenvolver un proxecto educativo de integración e de respecto ás particularidades de cada un dos compoñentes desta Comunidade Educativa.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.

### **4.2 OBXECTIVOS DE ÁMBITO INSTITUCIONAL.**

- Propiciar e potenciar a formación permanente do profesorado.
- Manter o centro aberto ao exterior para facilitar a formación integral do alumno/a.
- Establecer relacións cos distintos centros aos que acceden os alumnos/as
- Dar a coñecer ás familias as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Manter relacións de colaboración con todas as entidades culturais e recreativas e veciñais do entorno.

### **4.3 OBXECTIVOS DE ÁMBITO ADMINISTRATIVO.**

- Colaboración do profesorado cos órganos de xestión do centro.
- Fomentar o uso do galego por parte de toda a Comunidade Educativa.
- Atender aos criterios de avaliación contemplados no P.E.C. e na Concreción Curricular.

### **4.4. OBXECTIVOS DE ÁMBITO HUMANO E DE SERVIZOS.**

- Fomentar no centro unhas relacións interpersoais que axuden a crear un clima de afectividade e seguridade que será fundamental para conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos/as.

- Establecer coas familias uns lazos de colaboración e implicación no proxecto educativo dos seus fillos/as.
- Traballar de xeito sistemático as habilidades sociais tendo en conta a relación sólida que hai entre a competencia social na infancia e o posterior funcionamento social, académico e psicológico dos alumnos/as.
- Desenvolver a intelixencia emocional dos alumnos/as co fin de conseguir un nivel adecuado de autoestima.
- Fomentar a autonomía, respecto e responsabilidade persoal.
- Fomentar hábitos de comportamento, hixiene, saúde e seguridade vial.
- Potenciar un réxime de coeducación.
- Promover o coñecemento das Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Revisión periódica da NOF.

## 5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

**A estrutura organizativa** será a vía que nos permita no CEIPP de Baño-Xanza conseguir os obxectivos do Proxecto, facilitar as tarefas e ordenar os recursos existentes. Pretendemos evitar a duplicación de esforzos e a descoordinación que puidera existir establecendo unha estrutura organizativa adecuada e necesaria para que toda a acción

educativa encamiñada ao desenvolvemento integral do alumnado sexa unha tarefa de todos e non unha actividade illada.

### 5.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

O Equipo Directivo é o órgano executivo de goberno do CEIPP de Baño-Xanza, e estará integrado polo Director/a, O/A Xefe/a de Estudos e o/a Secretario/a.

As súas funcións e réxime de funcionamento concréntanse nos Artigos 27,34 e 35 do Decreto 374/1996.

### 5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- **Consello escolar**

O Consello Escolar do CEIPP de Baño-Xanza é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade educativa. As súas competencias e réxime de funcionamento están reguladas no artigo 43 do Decreto 374/1996

O Consello Escolar estará composto polos seguintes membros:

- Director/a, que será o seu Presidente/a.
- Xefe/a Estudos.
- Un concelleiro ou representante do Concello de Valga.
- 5 profesores elixidos polo Claustro.

- 5 pais/nais elixidos por eles, dos cales un será designado pola Asociación de Pais e Nais.
- Un representante do persoal de administración e servizos

O secretario/a do centro, que terá voz pero non voto.

- **Claustro de Profesores**

O Claustro de Profesores do CEIPP de Baño-Xanza é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do Centro. O Claustro estará presidido polo/a Director/a e integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro. As súas competencias e réxime de funcionamento establécese no Artigo 47 do Decreto 375/1996.

- **Comisión de Convivencia**

Trátase dun órgano colexiado que se crea para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do Centro, propoñer e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura e da paz e para mellorar o clima de convivencia do CEIPP de Baño-Xanza.

Terá carácter consultivo e velará pola correcta aplicación do disposto no Plan de convivencia e nas normas de convivencia do cada centro.

Constitúese, ao abeiro do disposto no Decreto 85/ 2007, do 12 de abril no seo do Consello Escolar e estará integrado por membros do mesmo.

A súa composición é:

- O/A director/a do centro que será o seu presidente.
- O/A xefe/a de Estudos.
- 2 representantes de nais e pais.
- 1 representante da ANPA.
- 3 representantes do profesorado.
- 1 representante do Concello de Ames.
- 1 representante do persoal non docente.

Como asesora a Xefa de Departamento de Orientación e a dinamizadora de fomento da

igualdade real e afectiva de mulleres e homes.

### 5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

#### a. CCP

A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada polo director, como presidente, o xefe de estudos, o orientador, os coordinadores de ciclo, o coordinador do equipo de normalización lingüística, o profesor de pedagogía terapéutica e o profesor de audición e linguaxe..

A comisión de cordinación pedagóxica terá as seguintes competencias:

- a) Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
- e) Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- g) Canalizar as necesidades de formación cara ao centro de Formación Continuada do profesorado.
- h) Realizar, de ser o caso, a proposta ao xefe de estudos co fin de que designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- i) Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de Normalización Lingüística.

#### b. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación estará constituído por: Orientador, coordinadores de ciclo, profesor de pedagogía terapéutica e profesor de audición e linguaxe.

##### **Ámbitos de actuación.**

- Orientación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Orientación académica.
- Orientación persoal.
- Orientación familiar e con outras institucións.

##### **Liñas prioritarias de actuación**

- Seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Tutorial.

- Atención á diversidade, especialmente no que se refire á atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Colaboración co profesorado titor tanto na avaliación inicial como no seguimento do alumnado.
- Potenciación das materias instrumentais do currículo e fomento da valoración do esforzo pola aprendizaxe.
- Diseñar accións encamiñadas á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento na aprendizaxe con programas específicos de intervención.
- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Atender ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo procedente do estranxeiro.
- Facilitar ao alumnado información e apoio para adquirir habilidades de aprendizaxe nas materias fundamentais: matemáticas e lingua.
- Diseñar accións e programas para mellorar a comprensión lectora.
- Establecer programas de intervención que favorezan a tolerancia e mellora do clima convivencial no centro.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias e á Comunidade Educativa na consecución dos obxectivos educativos.
- Participar no desenvolvemento de programas integrados por especialidades que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.
- Fomentar e colaborar na coordinación entre Primaria e Secundaria.
- Diseñar as adaptacións curriculares individualizadas de acordo co Proxecto Curricular de centro.

### **c. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Para potenciar o uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de Normalización Lingüística, constituído por un profesor de cada ciclo e coordinado por un dos profesore/as.

É competencia do equipo de Normalización Lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de Normalización Lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
  - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.



3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc... no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevea na súa normativa específica.

#### **Competencias do coordinador.**

Son competencias do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlle aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

#### **d. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo e/ou recursos que utilizan.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra do horario lectivo.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Este equipo estará integrado polo seu xefe, que será o coordinador, e polos profesores representates que participan nas distintas actividades.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá as seguintes funcións:

a) Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

b) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusión económica e forma de participación do alumnado.

c) Proporcionarlles aos alumnos e alumnas e aos pais/nais a información relativa ás actividades do equipo.

d) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.

f) Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo consello escolar.

h) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.

i) Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

#### **e. EQUIPO DE BIBLIOTECA**

O obxectivo fundamental deste Equipo vai ser o de integrar a nosa BIBLIOTECA no proceso educativo a través dun Proxecto Lector que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades comunicativas.

O equipo da Biblioteca estará constituído, sempre que sexa posible, por un Mestre de cada nivel e estará dirixido por unha coordinadora preferentemente con destino definitivo no Centro e por un período de dous cursos académicos renovables.

#### **f. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC**

O equipo das Tecnoloxías da información do CEIPP de Baño-Xanza terá a responsabilidade de incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe a través do desenvolvemento do Plan TIC coa participación activa de todo o equipo docente, que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro aproveitando as posibilidades que as TIC ofertan.

O centro conta con un espazo dedicado a aula de informática con 25 puntos de conexión. Tamén con pantalla dixital e canon.

Cada nivel, tanto de infantil e como Primaria (excepto 5 e 6 que están incorporados ao proxecto Abalar e Edixgal ) dispón dunha sesión semanal na aula de informática.

En cada aula de Primaria e de Educación Infantil hai ordenador, pizarra dixital e canon. En 5º e 6º hai aulas Edixgal.

O equipo das TIC estará dirixido por un Coordinador/a preferentemente con destino

definitivo no Centro e por un período de dous anos académicos renovables.

#### **g. EQUIPO DE BILINGÜE**

#### **h. EQUIPO DE VOZ NATURA**

Equipo que organiza e desenvolve actividades relacionadas co medio ambiente partindo do tema anual proposto polo Programa Voz Natura da Fundación Santiago Rey Fernández- Latorre.

Integran o equipo mestres de forma voluntaria, dos cales unha é a coordinadora que, a través de diferentes actividades, dinamizan e implican a todo o centro.

### **5.4. EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL Y EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

No noso cento tanto en Educación Infantil como en Primaria os equipos están compostos polos titores dese nivel e algún especialista que imparta nese curso. As reunións están establecidas segundo calendario establecido na PXA.

- **Competencias do equipo de ciclo e equipo docente**

Son competencias do equipo de ciclo:

- a) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificacións deles.
- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- d) Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- e) Colaborar co Departamento de Orientación do centro.

- **Coordinador do equipo de ciclo.**

Cada un dos equipos de ciclo estará dirixido por un coordinador. Funcionarán no centro os seguintes equipos de ciclo: Educación Infantil, primeiro e segundo de Primaria, terceiro e cuarto de Primaria quinto e sexto de Primaria.

- **Competencias do coordinador de ciclo.**

Corresponde ao coordinador de ciclo:

- a) Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- b) Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.
- c) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- d) Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- e) Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.
- f) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- g) Coordinar as funcións de titoría dos alumnos/as de ciclo.
- h) Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo de acordo co proxecto curricular de etapa.
- i) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- j) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.
- k) Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- l) Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.
- m) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.
- n) Colaborar e asistir ás reunións do Departamento de Orientación do centro.

- **Programación didáctica dos equipos de ciclo.**

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluírá, os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia aos mínimos esixibles.
- b) A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- c) Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as.
- d) As actividades de recuperación e os reforzos para lograr a dita recuperación.
- e) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos/as.
- f) O tratamento dos temas transversais.
- g) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de ciclo.
- h) As medidas de atención á diversidade e se é o caso, as adaptacións curriculares para os

alumnos/as que as precisen.

## 6. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

### 6.1. REVISIÓN

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan. Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

### 6.2. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Entendemos a avaliación como un mecanismo regulador do proceso de ensinanza-aprendizaxe no que se analiza o papel do todos os elementos que interveñen no proceso educativo: alumnado, profesorado, obxectivos propostos, metodoloxía, actividades de intervención e técnicas de avaliación utilizados.

O PEC dun centro ten que estar en constante revisión xa que a educación debe atender ás demandas dunha realidade social cambiante e ir ofrecendo respostas acordes cos novos coñecementos aportados polas Ciencias da Educación.

Cada final de curso, partindo da Programación xeral proposta, faremos unha análise a través da memoria final para analizar accións, recursos, tempos, organización,... e en base a estes indicadores facer propostas de mellora na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Nunha avaliación periódica do P.E.C. teranse en conta os seguintes criterios:

- 1. Coherencia co entorno.**
  - Correspondencia coas características, peculiaridades e necesidades do centro.
  - Se a organización reflexada no P.E.C. favorece a participación de toda a comunidade educativa no funcionamento do centro.
- 2. Coherencia interna do P. E. C.**
  - Se os obxectivos expresados no P. E. C. se corresponden cos principios educativos contidos no mesmo.
  - Se os dereitos dos compoñentes da comunidade educativa recollidos no regulamento de réxime interno son coherentes cos principios e obxectivos educativos do P. E. C.
- 3. Coherencia coa práctica cotiá do centro.**
  - Se a educación impartida no centro contribúe á formación física, intelectual, afectiva, moral e social do alumnado.
  - Se as normas de organización e funcionamento do centro establece o marco axeitado para que todos os membros da comunidade educativa exerzan as súas obrigas e dereitos.

- Se a avaliación serve ao profesorado para facer unha análise axeitada do proceso ensinanza- aprendizaxe.
- Se o centro ofrece o clima de convivencia democrática necesario para o desenvolvemento das actividades académicas.
- Se a acción educativa e tutorial proporciona ao alumnado a orientación e axuda demandada en calquera momento, eliminando sempre as desigualdades derivadas de factores socioeconómicos, culturais ou doutra índole.